# ELECCIÓN DE CODELEGADA/O

De acordo co establecido no Plan de Igualdade do IES de Chapela no seu punto VI.1, e para conseguir a paridade na elección de representantes de alumnado, créase a figura de codelegada e codelegado.

A persoa titora preside a súa elección e informa do desempeño do cargo.

Cada grupo do centro elixirá, por sufraxio directo, secreto e non delegable, unha codelegada e un codelegado. As responsabilidades serán compartidas e poderán actuar indistintamente como representantes da clase. Normativa de elección:

## MESA ELECTORAL

Estará constituída por:

- Presidenta/e: titor ou titora do grupo
- Secretaria/o: alumno ou alumna máis novo ou nova
- Vocal: alumno ou alumna máis vello

De se presentaren candidatura o/a alumno/a máis novo/a, ou máis vello/a, serán substituídos na mesa electoral polo/a anterior ou seguinte respectivamente, e así sucesivamente. Correspóndelle á secretaria ou secretario levantar acta da votación. A mesa electoral ten competencia para resolver as posibles reclamacións que se lle presenten.

## PRESENTACIÓN DE CANDIDATURAS

O alumnado que queira presentar unha candidatura terá que notificalo ao titor ou titora con 24 horas de antelación ao acto de votación.

## VOTACIÓNS

As votacións terán lugar na primeira semana de outubro nunha das horas de clase ou titoría do profesorado titor. Nos grupos onde existan candidaturas só serán elixibles estas. De non existiren, todo o alumnado será elixible. Realizaranse dúas votacións por separado: unha para elixir codelegada e outra para elixir codelegado.

Serán proclamadas/os codelegada e codelegado do grupo aquelas persoas que acaden a maioría de votos na primeira volta.

## ACTA DE ELECCIÓN DE CODELEGADA E CODELEGADO

O grupo de ____________ reúnese en Asemblea para a elección de codelegada e codelegado de clase.

Proclamadas as candidaturas e realizadas as votacións, prodúcense os seguintes resultados:

**Codelegada**:

1º_____________________________________________ ______________votos.

2º_____________________________________________ ______________votos.

3º ____________________________________________ ______________votos.

**Codelegado**:

1º_____________________________________________ ______________votos.

2º_____________________________________________ ______________votos.

3º ____________________________________________ ______________votos.

Despois da votación, resultan electas/os as/os seguintes alumnas/os, quen firmando este acta, toman posesión do seu cargo correspondente:

Codelegada: __________________________________________________

Codelegado: ________________________________________________

E para que conste, levanto este acta, coa aceptación das funcións por parte das/os candidatas/os electas/os, o que como titor/a asino:

Codelegada Codelegado

Chapela, de Outubro de 2

O/A titor/a

Asinado: